

DIRECTOR DOCENTE: JERÓNIMO BELLIDO PÉREZ

Director do Instituto Wilhelm Reich Europa. Psicólogo Especialista en Psicología Clínica. Licenciado en Psicología, Especialista en Psicología Clínica e Licenciado en Sociología pola Universidade de París. Psicoterapeuta de Orientación Reichiana. Vexetoterapeuta. Sexólogo Clínico. Membro da FEAP, da SEIS e de AEVAR. Traballa en Clínica, individual, grupal e psicoterapia de parella.

DIRIXIDO A

Psicólogos Clínicos e da Saúde, Psiquiatras, Médicos, Enfermeiros, Educadores Sociais, Traballadores Sociais. Docentes. Estudantes de Psicología, Medicina, Filosofía e de profesións sanitarias e educativas. Persoas interesadas na vida boa e saudable.

HORARIO

Un sábado ó mes (oito horas) de 10:30 a 14:30 e 16:30 a 20:30 horas.

ORGANIZA

Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e Adolescencia
Instituto Wilhelm Reich-Galicia

INFORMACION E INSCRIPCIÓN

David García
636190191
davigad@hotmail.com

Jerónimo Bellido
963614622 – 654562833
revancia@hotmail.com

SEDE DO CURSO

Local de actividades do Instituto Wilhelm Reich-Galicia
C.C: Villa Argentina
Avda. Habana, nº 87
32004 Ourense

**ACTIVIDADE DE INTERESE SANITARIO ACREDITADA
POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA**

Instituto Wilhelm Reich-Europa

Centro de Atención Clínica, Formación e Investigación

- *Psicoterapia Emocional de Integración Cuerpo-Mente*
- *Sexología y Clínica Psicosomática*
- *Psicoterapia de Pareja, de Grupo y Comunicación Humana*

www.institutowilhelmreich.com



**Amor, traballo e coñecemento
son as fontes da nosa vida.
Tamén deberían gobernala.**

Curso de Formación en Psicoterapia Emocional de Integración Corpo-Mente: A Vexetoterapia

**Por unha abordaxe integral do ser humano
dende o paradigma bio-psico-social.**

Séptima edición

Ourense 2016

OBXECTIVOS

- Divulgar a obra de Wilhelm Reich, pioneiro no campo da saúde no seu sentido mais amplo, desenvolvendo seus plantexamentos teórico-clínicos dende o paradigma bio-psico-social.
- Dar a coñecer a metodoloxía propia da Psicoterapia Emocional de Integración Corpo-Mente, a Vexetoterapia Caractero-Analítica, mostrando a súa importancia no campo da Saúde Mental, Emocional e Corporal.
- Supervisar casos clínicos aportados polo alumnado, para afondar nos aspectos técnicos e conceptuais, de cara a una boa práctica da psicoloxía clínica profunda e psicodinámica.

METODOLOXÍA

Activa participativa, con diferentes momentos didácticos que dan ao proceso ensino-aprendizaxe a profundidade da comunicación dende o pensar sentido:

- Choiva de ideas: Un tempo para aportar colectivamente a documentación que se considere oportuna: libros, revistas, noticias, películas, ou calquera outra experiencia profesional ou cultural en relación coa temática abordada no curso
- Dado que o seminario pretende actualizar a obra de W. Reich dende a lectura dos seus textos, recurrimos a aqueles autores que o precederon, recabando nos seus textos os conceptos nos que o autor se apoiará posteriormente para construír a súa teoría clínica da personalidade. Neste apartado, S. Freud, considerado o pai da Psicanálise, é una figura fundamental.
- Abordamos os textos de Reich seguindo unha cronoloxía que da conta do seu proceso creador, que o levou a configurar unha visión da teoría da psicoloxía profunda e da práctica clínica novedosa, arredor da importancia fundamental do corpo no proceso terapéutico, logrando así una metapsicoloxía psicocorporal sempre en evolución.
- Análise de casos clínicos: No marco interdisciplinar en que nos movemos, os alumnos, procedentes de campos diversos do saber e da práctica profesional, expoñen as súas dúbidas e problemas a respecto do facer clínico que se deriva do caso clínico presentado para a súa análise colectiva, dado que precisan, como profesionais en formación, do feedback grupal, a fin de asegurarnos unha elaboración creativa dos problemas expostos mediante a dinámica conceptual do grupo na lóxica do paradigma reichiano que vertebra o noso facer profesional. Isto

- require o recurso permanente a un pensar en común, a fin de asegurarnos o punto de acordo que nos garante un saber epistemolóxico que teña o valor operativo dese "paradigma".
- Outros materiais didácticos: utilización de material audiovisual (películas, series, documentais,..)

Obradoiro Práctico-Vivencial. Xornada para coñecer dende a propia experiencia a metodoloxía grupal da Vexetoterapia.

TEMAS A TRATAR

Primeira parte: Desenrolos conceptuais.

- A Sexualidade Femenina. O concepto de sexualidade en Freud ligado á teoría pulsional.
- A Feminidade (1933) S. Freud. O lugar da muller na cultura occidental.

Segunda parte: Aspectos metodolóxicos e técnicos da clínica.

- A Análise do Carácter (1933) W. Reich
- Algúns caracteres definidos (1933) W. Reich
- Técnica da Análise do Carácter (1933) W. Reich

BIBLIOGRAFIA

- Introducción a la Psicología. Aida Aisenson. Nueva Visión. Buenos Aires.
- Contribución a la teoría de la libido. K. Abraham.
- Cien flores para Wilhelm Reich. R. Dadoun. Anagrama.
- El desarrollo humano. J. Delval. Siglo XXI.
- Tratado de Psiquiatría H. Ey.
- Algunos tipos de carácter descubiertos durante la labor analítica. S. Freud.
- Trabajo sobre técnica psicoanalítica y otras obras. S. Freud.
- Diccionario del pensamiento kleiniano. R.D. Hinshelwood.
- Los Fundamentos de la técnica psicoanalítica. R. Horacio Etchegoyen. Amorrortu ediciones.
- Vocabulario de Psicoanálisis. J. Laplanche y J. B. Pontalis.
- Wilhelm Reich. Biografía de una idea. L. de Marchi. Ed. Península.
- El Análisis del carácter. W.Reich. Paidós.
- Curso básico de Psicoanálisis. A. Tallaferro. Paidós.